BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
MARTES, 3 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 252
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 22 de outubro de 2026 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de decembro de 2025.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Baralla, 22 de outubro de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2980

CASTRO DE REI

Anuncio

Esta Corporación fixa como festivos locais no concello de Castro de Rei para o ano 2027 as seguintes datas:

- Día 9 de febreiro de 2027, Martes de Entroido
- Día 9 de agosto de 2027, Luns seguinte a San Roque e Dulce nome de María

O que se fai público para xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, e para os efectos oportunos ante a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Castro de Rei, 28 de outubro de 2026.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2981

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ LÓPEZ	POLÍGONO 158 PARCELA 41	CERCEDA

O Corgo, 27 de outubro de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2982

Anuncio publicado en: Num BOP 252 año 2026 (03/11/2026 08:00:00)

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 2/445 NOMEAMENTO DE 3 FUNCIONARIOS DE CARREIRA NO CORPO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO, na parte dispositiva do cal se fai constar:

"PRIMEIRO.- Nomear a don Samuel Núñez López, con DNI ***8274**, a don Alejandro Prados Arias, con DNI ***8617** e a don Marcos Varela Vázquez, con DNI ***7885**, como funcionarios de carreira na categoría de policía do Corpo da Policía Local (escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local e auxiliares, escala básica, subgrupo C1).

SEGUNDO.- Notificarlles o acordado ás persoas interesadas, coa advertencia de que deberán tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

No caso de que algunha das persoas aspirantes non tome posesión no período sinalado, salvo causa de forza maior, perderá todos os dereitos derivados da participación no procedemento selectivo e do nomeamento outorgado á súa persoa.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

Lugo, 28 de outubro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 2985

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 27 de outubro do 2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 5**º. bimestre do exercicio 2025**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 27 de outubro do 2026 ao 27 de decembro do 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interporse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 27 de outubro de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2983

Anuncio publicado en: Num BOP 252 año 2026 (03/11/2026 08:00:00)

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria 11/2026 por trasferencia de crédito entre distintas áreas de gasto.

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

O Concello en Pleno na sesión extraordinaria celebrada o día 30.09.2026, aprobou inicialmente o expediente de transferencia de créditos 142/2026, entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto. Exposto ao público previo anuncio no B.O.P de Lugo nº. 228 de data 6 de outubro de 2026, por espazo de quince días, e non presentándose reclamacións, o expediente quedou definitivamente aprobado sendo a desagregación a seguinte:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	AUMENTO	DISMINUCIÓN
241.13100	Fomento do emprego. Persoal laboral temporal. Retribucións básicas.		9.500,00€
241.160	Fomento do emprego. Cotas sociais.		3.000,00€
920.160	Administración Xeral. Seguridade Social.		8.000,00€
920.12101	Administración Xeral. Persoal funcionario. Retribucións complementarias. Complemento específico		5.500,00€
338-226	Festas populares e festexos. Gastos diversos	11.000,00€	
161.221	Iluminación Pública. Subministracións.	2.500,00€	
161.227	Abastecemento domiciliario de auga potable. Traballos realizados por outras empresas e profesionais.	5.000,00	
920.226	Administración Xeral. Gastos diversos.	4.500,00€	
450.221	Administración Xeral de infraestruturas. Subministracións.	1.000,00€	
162.221	Recollida, xestión e tratamento de residuos. Subministracións.	2.000,00	
TOTAL		26.000,00€	26.0000,00€

Contra este acordo , segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas Locais, os interesados poderán interponer directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25ª 42 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Negueira de Muñiz, 29 de outubro de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2986

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de Bases de execución do orzamento (nominativas).

Queda aprobada definitivamente a modificación orzamentaria consistente na modificación da Base 24 das Bases de execución do vixente orzamento Municipal 2026, ao non terse presentado reclamacións no prazo de exposición ao público do acordo de aprobación inicial da mesma adoptado na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 30.09.2026 e publicado no B.O.P de Lugo nº. 228 de data 6 de outubro de 2026, do seguinte teor:

Modificación da Base 24 das Bases de execución do Orzamento Xeral do Concello de Negueira de Muñiz para o 2026 "subvencións nominativas: anexo", aos efectos de modificar as contías e programas das seguintes subvencións nominativas segundo o seguinte desglose.

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	IMPORTE
330.480	MORTY JALEO	**23064530S**	600,00€

Anuncio publicado en: Num BOP 252 año 2026 (03/11/2026 08:00:00)

338.480	ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DAS VARIEDADES AUTÓCTONAS E VIÑEDOS DA CUNCA DO RIO NAVIA	G27432780	1.500,00€

Negueira de Muñiz, 29 de outubro de 2026.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2987

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE SETEMBRO DE 2026.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 837/2026 o día 27 de outubro de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de setembro de 2026 polo importe total de 6.621,00 €.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 27 de outubro de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 2984

Anuncio publicado en: Num BOP 252 año 2026 (03/11/2026 08:00:00)